



Concerto de piano

ALBA RAÑA

J. S. Bach

Partita nº 1 en Si bemol Maior, BWV 825

Praeludium

Allemande

Courante

Sarabande

Menuet

Gigue

W. A. Mozart

Sonata K311 nº 9 en Re Maior

Allegro con spirito

Andante con espressione

Rondeau, Allegro

F. Chopin

Estudio op. 10 nº 5

M. Ravel

Sonatina nº 1

Modéré

Menuet

Animé

Nace en Vigo en 2001. O seu primeiro contacto co piano prodúcese en xullo de 2014 ao recibir as primeiras leccións de Alina Pociute, profesora fundamental na súa formación musical. En setembro dese mesmo ano accede ao segundo curso de grao elemental obtendo a máxima puntuación na proba de acceso. Esta rápida progresión propiciará a súa primeira ampliación de matrícula antes de finalizar o primeiro trimestre do curso oficial. En xuño de 2016 obtén, de novo, o primeiro lugar na proba de acceso a grao profesional.

Asiste a cursos de perfeccionamento con Josep Colom, Claudio Martínez-Mehner, Denis Pascal, Katia Veeckmans, Carmen Martínez Pierret, Alberto Rosado, Marisa Manchado, Emilio Molina, Isabel Gil, Mariya Bondarenko e Douglas Finch. En agosto de 2016 foi seleccionada para participar como alumna activa na *Ingenium Academy International Summer School for Music*, onde recibiu clases de diversos profesores como Clíodna Shanahan, Simon Callaghan, Hiro Takenouchi, Heather Tomala, Richard Sisson e Leon McCawley, obtendo na audición final o *Chopin Award for the best interpretation*. En novembro de 2018 obtén, en Ponteareas, o terceiro premio absoluto e *Accésit a la mejor interpretación de las obras obligadas* no Concurso Nacional Reveriano Soutullo.

En 2018 participa en *El Carnaval de los Animales* como piano solista, seleccionándose para este proxecto un ensemble de alumnos destacados do Conservatorio Profesional de Música de Vigo. No ano 2019 grava o CD *Abiogénesis 79* coa Coral Polifónica de Carballiño, Ourense, e toca, tamén como solista, no auditorio David Russell do Conservatorio Profesional de Música de Vigo, acompañada pola orquestra sinfónica de dito centro educativo. Mantén, desde os inicios dos seus estudos pianísticos, unha ampla e densa actividade concertística, realizando numerosos recitais de piano solo ao ano e interpretando neles un repertorio moi diverso.

Tras finalizar no ano 2019 o grao profesional na especialidade de trompa no Conservatorio Profesional de Vigo coas máximas cualificacións, obtivo o *Premio Extraordinario de Enseñanzas Artísticas Profesionales* na especialidade de piano e o terceiro premio absoluto no Concurso de Solistas do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Así mesmo, recibiu hai pouco o terceiro premio absoluto na categoría *Expert* do concurso *Medici International Music Competition* e o premio *Pepito Arriola: al mejor pianista gallego* do *V International Piano Competition City of Vigo*. O pasado xuño foi admitida na última fase das probas de acceso na Hochschule für Musik, Theater und Medien Hannover entre candidatos de múltiples nacionalidades. Compaxina tamén os seus estudos de grao superior na especialidade de Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical no Conservatorio Superior de Música de Vigo co Grao en Historia da Arte na UNED.

14 de decembro de 2021, ás 20:30h.
Paraninfo da Universidade



Twitter: @culturausc
Facebook: @areadeculturausc
Instagram: @areadeculturausc